



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Rúa Fernández Losada s/n 32800-Celanova
Teléfono: 988 431 565 Fax: 988 431 460
<https://iescelanova.gal/>

IES CELANOVA
CELSE EMILIO FERREIRO

TODA A INFORMACIÓN EN
<https://es.padlet.com/isidoragil/kf28l2dsvezb>

Hai uns anos, o alumnado de 4º do que entón era EPV preparou un traballo gráfico, hoxe exposto na biblioteca, sobre os monarcas que ocuparon o trono das Españas. Co contacto cotián foise abrindo unha idea: case todos son homes! Razóns antropolóxicas, relixiosas e históricas o explican, pero non contan toda a realidade: onde están elas, as nais dos herdeiros, as forxadoras de alianzas, as raíñas consortes? Quen foron, como as viron, como quedaron na memoria? Quen as retratou, cando e para que? Podemos, partindo deses retratos, reconstruír roles, vidas, emocións? Podemos buscar documentación, gráfica e textual, pero tamén podemos rastrexar as interpretacións que delas deron directores de cine ou de series (grazas, Ministerio do Tempo!), ou as imaxes que lle prestaron actrices e guionistas. Un mundo para explorar.

E, con quen exploralo? O alumnado de Debuxo artístico de 2º de bacharelato ten, na súa programación, un bloque dedicado á figura humana; ten e tivo materias de Historia que o familiariza co tema, ten necesidade de afinar as súas destrezas no campo da educación documental e, por suposto, ten os obxectivos de expresarse graficamente, usar técnicas variadas, compoñer, analizar formas e coñecer obras de arte: adxudicado!

Imos dar a nosa visión das raíñas consortes que polos séculos transitaron, despois de coñecer as súas vidas e as testemuñas gráficas que as describen. Están todas as que foron? Non; os criterios de elección explícanse a continuación. E... todas? Tampouco: hai tres homes, consortes, esposos e pais en diferentes graos e condicións.

A biblioteca, a partir de agora, lucirá os retratos destas mulleres e afirmará a súa existencia.

Un traballo de Debuxo Artístico de 2º de Bacharelato coa colaboración da Biblioteca escolar.
V CONCURSO DE TRABALLO POR PROXECTOS
MODALIDADE 2A CURSO 2017/87

CONSORTE
CONSORTE?

DESEÑO E ELABORACIÓN

UN TRABAJO DE DEBUXO ARTÍSTICO DE 2º DE BACHARELATO

PARA
APRENDER...

- A DEBUXAR O ROSTRO HUMANO: PROPORCIÓN E DESPROPORCIÓN.
- SOBRE MATERIAIS E TEXTURAS.
- A BUSCAR DOCUMENTACIÓN, ORDEALA, TRATALA E EXPOÑELA.
- DOS GRANDES AUTORES DE RETRATO NA HISTORIA DA ARTE.
- O PAPEL DAS MULLERES NO PODER.



CRITERIOS DE ELECCIÓN

A QUEN
RETRATAR?

Para completar a galería que chamamos “Reis e Raíñas” a proposta é retratar, de forma irónica, esaxerada e expresiva as que foron as consortes reais, pero atopamos que, en moitos casos, eran varios os casamentos de cada monarca varón. Así, e para que cada alumno se encargase dunha figura, tivemos que elixir: caso de máis dunha esposa, dedicámonos á nai do herdeiro, posto que o papel fundamental da raíña era asegurar a sucesión. Só nun caso un mesmo rei, Filipe V, tivo tres fillos reis de dúas consortes, polo que ambas figuran na colección. Se non houbo herdeiros, o retrato é da última. Pero sempre aparecen as demais nalgún lugar da obra: no fondo, nun colgante, nun adorno do peiteado...

Falar en feminino non implica que todas as consortes fosen mulleres. Aparecen así os retratos de Filipe o Famoso e Francisco de Asís de Borbón. No caso de Fernando o Católico (*tanto monta, monta tanto*) o seu papel é o de complementar aquela primeira serie, na que optamos –para contar con máis mulleres– por Sabela I.



TODA A INFORMACIÓN EN


<https://es.padlet.com/isidoragil/kf28l2dsvezb>

DESEÑO E ELABORACIÓN

CONDICIONANTES TÉCNICOS COMO RETRATAR?

Tamaño, técnicas e materiais estiveron condicionados polos medios cos que contamos, pola pericia de cada retratista e pola realidade da programación. Así:

- A partir da análise dos retratos da época, había que destacar os trazos máis significativos de torso e rostro, modificando as súas proporcións.
- Para contar a personalidade de cada quen deberíamos reflectir expresións e estados de ánimo xogando coas posturas, os xestos ou a indumentaria.
- A época ten que verse nos traxes e peiteados.
- O estatus social tamén ten que quedar patente no uso de materiais que aparenten luxo.
- Para que o retrato actúe coma unha fiestra pola que o mundo nos ve, puxemos como condición que a figura traspasase os límites do marco e que tivese un certo tratamento tridimensional e matérico.



DOCUMENTACIÓN: BUSCA E ELABORACIÓN

QUE MOSTRAR?

QUE BUSCAMOS

- Coñecer ao personaxe que queremos retratar, o seu aspecto físico, a súa personalidade, carácter e circunstancias vitais: cadros, fotografías, series ou películas, música, textos...
- Colocalo no lugar da liña de tempo correspondente e relacionalo coa época.
- Coñecer a arte do momento de cada retratada como fonte de información sobre vestiario, peiteados, alfaías e decoración.

TODA A INFORMACIÓN EN

<https://es.padlet.com/isidoragil/kf28l2dsvezb>



CALENDARIO E ORGANIZACIÓN

TRABALLOS PREVIOS

Preparación do esquema de traballo.

Busca de documentación informativa.

Adquisición de soportes e materiais.

REALIZACIÓN NA AULA DURANTE A SEGUNDA AVALIACIÓN

Reparto de personaxes

Encargo dos traballos de documentación (aula/casa).

Análise da información.

Bosquexos: paso do realismo á caricatura.

Soporte definitivo: toma de decisións sobre tamaños, cores, texturas e complementos.

Realización gráfica.

Montaxe e interacción cos marcos.

Confección da memoria de traballo.

POSTPRODUCCIÓN

Corrección de textos.

Avaliación

O retratado e o retratista: parecidos reais.


Preparación do material para difundir (blog, exposición física, vídeos)

PARTICIPANTES

- Este TPP foi realizado con e polo alumnado de Debuxo Artístico de 2º de bacharelato, un grupo heteroxéneo de dezasete estudantes, procedentes de varios centros, de diferentes modalidades e matriculados na materia por diversas razóns.
- Nas aulas, a profesora Isidora Gil como directora de orquestra (e tamén como participante activa).
- A coordinación dos recursos e a difusión correspondeu ao equipo de biblioteca, con Irma Fernández e Belén Sánchez.
- Fotografía e audiovisuais correron a cargo do equipo TIC, con Carlos Alonso á cabeza.

TODA A INFORMACIÓN EN

<https://es.padlet.com/isidoragil/kf28l2dsvezb>



CAPACIDADES PROPIAS: OBXECTIVOS E COMPETENCIAS

A programación contempla a consecución das seguintes:

- Comprensión, análise e interpretación da realidade por mediación do debuxo e das técnicas artísticas máis relevantes.
- Coñecemento e emprego dos elementos básicos que configuran a forma.
- Aprendizaxe da estrutura interna dos obxectos que se representan.
- Análise das proporcións das distintas partes que configuren as formas.
- Desenvolvemento da memoria visual e a retentiva para elaborar imaxes.
- Observación e estudo as formas da natureza (especialmente o corpo humano) e das creacións da arte e a industria como punto de partida para obras propias.
- Coñecemento dos fundamentos teóricos da cor e o seu uso de xeito razoado e expresivo.
- Aportación de solucións expresivas propias, sensibilidade estética e creatividade.
- Coñecemento dos fundamentos da composición para aplicalos en obras propias e na análise de obras alleas.
- Manexo dos materiais, técnicas e procedementos adecuados á finalidade pretendida.
- Busca, procesamento e emprego de información necesaria para a resolución das propostas de traballo.

Segundo a programación didáctica, *“contribuirá tamén á adquisición de importantes competencias clave, especialmente ás de APRENDER A APRENDER, DIXITAL e CONCIENCIA CULTURAL, ao tempo que seguirá traballando con diferentes elementos transversais relacionados coa COMUNICACIÓN ORAL, ESCRITA e AUDIOVISUAL.*

TODA A INFORMACIÓN EN
<https://es.padlet.com/isidoragil/kf28l2dsvezb>



CONTIDOS TRABALLADOS

Para a consecución destes obxectivos organizamos bloques de contidos, o que non implica que sexan tratados como temas independentes. Antes ben, e posto que se buscan metodoloxías de traballo activas e participativas (especialmente nestas materias de tipo práctico) os contidos deben actuar como “fondo de armario”, como ferramentas que se irán poñendo a disposición do alumnado á medida das súas necesidades e nos momentos en que vaian ser utilizados. Estas grandes áreas de contidos específicos serán:

A FORMA, ESTUDO E TRANSFORMACIÓN

Estrutura da forma, análise das súas características e execución gráfica segundo a función comunicativa buscada.

Neste caso a análise dos rasgos faciais conducirá á desproporción e a caricatura.

A EXPRESIÓN DA SUBXECTIVIDADE

Composición, claroscuro e cor utilizados para a propia creación: A interpretación da forma, coñecendo a historia da imaxe e da persoa representada, da como resultado unha creación orixinal e única.



DEBUXO E ESPAZO


A pesares de non usar perspectiva, era condición indispensable expresar a relación do retrato coas tres dimensións do espazo a través de dúas convencións: engadir tridimensionalidade real mediante o uso de texturas e usar o marco como fiestra aberta ao espectador.

O CORPO HUMANO COMO MODELO

Proporcionalidade, anatomía artística, movemento, antropometría e relacións co espazo. O traballo céntrase, especialmente, nas relacións de proporción no rostro, e aproveita os traballos dos compañeiros do curso anterior como recurso informativo.

O DEBUXO NO PROCESO CREATIVO

Técnicas secas e húmidas. Ferramentas físicas e virtuais axeitadas para cada necesidade expresiva.



Na organización do curso, esta traballo ocupará a segunda avaliación, referida a A FIGURA HUMANA NAS ARTES, para a que se propón “*unha procura das diferentes representacións da figura humana na pintura e na escultura, desde os períodos clásicos ata as vangardas, que terá como obxectivo, ademais do acercamento ás obras máis senlleiras do xénero, o estudo das proporcións -e desproporcións- o movemento, a anatomía e a intención expresiva de cada opción*”.

TODA A INFORMACIÓN EN

<https://es.padlet.com/isidoragil/kf28l2dsvezb>

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

De novo temos que referirnos á programación didáctica, que especifica que o alumno:

- Comprende a figura humana como un elemento de estudo gráfico e expresivo, mediante a observación de obras propias e alleas e a reflexión sobre elas.
- Analiza a figura humana atendendo ás súas relacións de proporcionalidade mediante a observación do natural ou con modelos estáticos.
- Representa a figura humana atendendo á expresión global das formas que a compoñen e á articulación e a orientación da estrutura que a define.
- É capaz de representar e captar o movemento da figura humana de forma gráfico-plástica aplicando diferentes técnicas.
- Elabora imaxes con distintos procedementos gráfico-plásticos e diversas funcións expresivas coa figura humana como suxeito.

Para a cualificación concreta utilizamos unha rúbrica cos conceptos que aparecen na seguinte imaxe.

RAÍNAS CONSORTES CRITERIOS DE AVALIACIÓN



1. DOCUMENTACIÓN E PRESENTACIÓN (30%)

Cada apartado vale un punto:

- 1.1. LINGUA: rexistro, corrección, mesturas galego/castelán...
- 1.2. MINI-BIOGRAFÍA: elaboración propia, datos relevantes.
- 1.3. RETRATOS: variedade, orixinalidade, época.
- 1.4. RETRATOS: identificación dos autores.
- 1.5. CRITERIOS para a caricatura.
- 1.6. DOCUMENTACIÓN DO PROCESO.
- 1.7. DATOS EXTRA: cine ou TV, curiosidades.
- 1.8. PRESENTACIÓN GRÁFICA: pptx ou vídeo coherente, ben deseñado.
- 1.9. ENTREGA A TEMPO?
- 1.10. FOTO retratista vs. retratado.

2. PRODUTO: PROCESO E RESULTADO (70%)

Cada apartado vale un punto:

- 2.1. PROPORCIÓN do rostro nos bosquejos iniciais.
- 2.2. DESPROPORCIÓN: proceso.
- 2.3. CORES: técnica, gamas, matices.
- 2.4. CLAROSCURO coherente.
- 2.5. MATERIAIS (aportan as axeitados?) e TEXTURAS.
- 2.6. MARCO DESBORDADO?
- 2.7. FONDO e referencias a OUTRAS CONSORTES
- 2.8. ENTREGA a tempo?
- 2.9. RESULTADO: parecido razoable?
- 2.10. CALIDADE DO RESULTADO. Aquí estaríamos valorando o que non se pode definir, un toque especial de orixinalidade, de personalidade do autor, de graza.



TODA A INFORMACIÓN EN
<https://es.padlet.com/isidoragil/kf28l2dsvezb>

O TRABALLO NA AULA

A IDEA.

- Explicación do proceso a seguir e do produto que se desexa obter.
- Reparto de personaxes.

A DOCUMENTACIÓN:

- Proporcionada pola profesora: exemplos da historia da arte, repertorio de traballos sobre proporción, trucos para caricaturas...
- Busca de retratos e identificación de épocas, estilos e autores.
- Lectura de textos e visualización dos fragmentos de series e películas referidas a nosa retratada.

O TRABALLO PRÁCTICO:

- Bosquexos iniciais coas proporcións correctas.
- Proceso de desproporción.
- Soporte definitivo: decisións sobre composición, proporcións, fondos e complementos, materiais... buscando o parecido físico, a descrición de emocións ou estados de ánimo e outras indicacións: alcumes, países, fazañas...
- Realización gráfica.
- Confección da memoria de traballo onde conste a documentación manexada, os criterios usados e as fases do traballo.
- Montaxe e exposición.

No proceso detectamos un comportamento cando menos curioso: todos dotamos á retratada con nosos propios rasgos! Optamos entón por unha última tarefa: retratarnos coma elas e comparar. O resultado en fotos é moi clarificador, pero en vídeo confirma claramente esta hipótese. Este paso tivo lugar a posteriori, nos recreos ou en horas extraescolares.



TODA A INFORMACIÓN EN
<https://es.padlet.com/isidoragil/kf28l2dsvezb>



PRODUTOS FINAIS

DO ALUMNADO

1. O retrato-caricatura da raíña (ou rei) consorte, en 60x 40, enmarcado e identificado, coas técnicas, materiais e condicións deseñadas para a actividade.
2. Presentación ou vídeo que recolla a documentación usada (retratos, textos, cine...), o proceso de traballo e os criterios de interpretación aplicados.

DO PROFESORADO

1. Exposición didáctica para o público na galería da biblioteca.
2. Vídeo sobre os parecidos reais de retratista e retratado.



TODO RECOLLIDO EN <https://es.padlet.com/isidoragil/kf28l2dsvezb>



DOCUMENTACIÓN, RECURSOS E FONTES

BIBLIOGRAFÍA

Como fío xeral, para situarse na liña do tempo e ter as primeiras referencias, usamos dous manuais sinxelos:

- Rubio, M. José: *Reinas de España* (2 tomos). La esfera de los libros.
- Fisas, Carlos: *Historia de las reinas de España*. Planeta.

Para consultar imaxes dispoñemos na biblioteca de gran cantidade de enciclopedias sobre arte.

FILMOGRAFÍA

Cada alumno debía atopar series de televisión ou películas nas que aparecese o seu personaxe. Os resultados están na memoria de cada un.

Como exemplo na aula usamos o capítulo do *Ministerio do Tempo* no que aparece Margarida de Austria-Estiria con Filipe III

(<https://www.zonared.com/avances/ministerio-del-tiempo-mdt-3x05-critica-lope-cervantes/>)

RECURSOS WEB


A maior parte da documentación procede da internet. Para os datos biográficos básicos o alumnado usou a Wikipedia e para os retratos, a busca de imaxes de Google e o Pinterest preparado na biblioteca (<https://www.pinterest.es/isidoragil/retratos-reales/>)

TIC


Como axudantes na confección dos produtos finais usamos programas como CorelDraw ou PowerPoint, ademais de aplicacións de retoque fotográfico e edición de vídeo. Pinterest e Padlet serviron como plataformas para compartir recursos.

MEDIOS FÍSICOS

Os da aula de debuxo: ordenador proxector, router Wifi, taboleiros, cabaletes, pinturas e diverso material de papelería. Cada un dos participantes aportou o seu smartphone ou tablet.



TODA A INFORMACIÓN EN
<https://es.padlet.com/isidoragil/kf28l2dsvezb>



COMUNIDADE EDUCATIVA E PROGRAMAS DO CENTRO

Aínda que este curso, por motivos persoais, familiares ou laborais dos membros do equipo de biblioteca non fomos quen de facer, coma noutras ocasións, un traballo multidisciplinar, si é certo que contamos cun gran apoio da comunidade educativa e de toda a colaboración cando requirimos de axudas. O equipo directivo favoreceu en todo momento a organización, a intendencia e ata as cuestións económicas; o equipo de normalización lingüística prestounos páxinas da súa revista para a difusión, ao igual que o boletín dos Contratos –programa. O equipo TIC colaborou activamente na confección e edición de materiais, mentres que alumnado, familias e visitantes son observadores compracentes do resultado. As familias dos artistas, finalmente, colaboraron con medios e tempo. Grazas a todos.

TODA A INFORMACIÓN EN
<https://es.padlet.com/isidoragil/kf28l2dsvezb>

DIFUSIÓN

BIBLIO POLEIRO

Biblioteca IES Celanova Celso Emilio Ferreiro

BLOG DA
BIBLIOTECA coa
etiqueta "CONSORTES"

REVISTA O
POLEIRO

BOLETÍN
TRIMESTRAL
DE
INFORMACIÓN
PARA AS
FAMILIAS,



IES CELANOVA TIC

24 suscriptores

INICIO

VÍDEOS

LISTAS DE RE

YOUTUBE
CANAL TIC

Videos subidos

REPRODUCIR TODO



Flash Mob IES de Celanova

199 visualizaciones •



Consortes con Sorte?

78 visualizaciones •



Concierto
Flauta Dulce



O alumnado de Dabuxo artístico II realizou un traballo por proxectos que une arte con documentación histórica. Todo o proceso está exposto no corredor da Biblioteca, na aula virtual e no blog <http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2018/04/consortes-con-sorte.html>. Como complemento temos unha montaxe fotográfica e o correspondente vídeo que amosa como debuxamos, sen querer, os nosos rasgos: Podédelas ver aquí: <http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2018/05/parecidos-reais.html>. É o noso regalo de despedida a esta promoción 17-18.

Tema 10

TPP DA II CURSO 17-18

CONSORTES ConSorte?

Proporción e desproporción no rostro a partir dos retratos dos reis e raíñas consortes da monarquía hispánica.



AULA
VIRTUAL

EXPOSICIÓN NO
CORREDOR DA
BIBLIOTECA



TODA A INFORMACIÓN EN

<https://es.padlet.com/isidoragil/kf28l2dsvezb>

O PAPEL DA BIBLIOTECA

Segundo a programación didáctica, o grupo de DA II colaborará nos diferentes proxectos relacionados coa lectura, utilizará os recursos da biblioteca e aplicará o lema deste curso para as Bibliotecas Escolares de Galicia: "Aprender a pensar coa Biblioteca Escolar". Neste aspecto, a biblioteca xogou un primeiro papel como coordinadora e garante do cumprimento dos Plans anuais de lectura. Pero tivo outras moitas funcións neste proxecto:

- Actúa como centro de recursos humanos e laboratorio de ideas: lugar de reunión, de planificación de estratexias, de creatividade, de organización e coordinación...
- Actúa como centro de recursos materiais, tanto físicos – libros de arte, biografías, manuais de técnicas artísticas, películas- como virtuais, poñendo toda a súa tecnoloxía ao servizo dos usuarios: WiFi, proxección de cine, lectores, ordenadores e impresora...
- Fomenta a formación do profesorado en cuestións metodolóxicas, se ben este curso fomos poñentes en vez de alumnado.
- Elabora recursos cos traballos realizados (vídeos, gravacións musicais, ilustracións).
- E, finalmente, difunde as experiencias a través de todos os medios ao seu alcance.



Este proxecto, unha vez máis, non tería existido sen ela. Hai que recordar, por evidente, que a biblioteca non é só un lugar: é unha maneira de traballar.

TODA A INFORMACIÓN EN
<https://es.padlet.com/isidoragil/kf28l2dsvezb>



FORTALEZAS

- Unha programación que permite estruturar obxectivos e contidos de forma moi libre.
- Un alumnado que, na súa maioría, cursou DA en 1º de bacharelato e ten recursos para afrontar retos deste tipo
- Dispoñer dos recursos necesarios en cada momento.
- A colaboración recibida.

PRECUELA:

O xa citado traballo que deu orixe a este: “Reis e Raíñas”, realizado por un heroico 4º de ESO aló polo curso 2012-13.



Reis e Raíñas

Traballo interdisciplinar
(e moi divertido)
de Educación Plástica e visual
4º ESO

AUTOAVALIACIÓN

DEBILIDADES

- Deficiencias na formación TIC de alumnado.
- O tempo dispoñible para metodoloxías que precisan de moitísimo traballo.

SECUELA:

Estamos moi animados a continuar por esta liña: que tal, para o vindeiro curso,

OS NENOS NA HISTORIA DA ARTE?

TODA A INFORMACIÓN EN

<https://es.padlet.com/isidoragil/kf28l2dsvezb>